

## Presentación

A Comisión de Estudos de Xénero é unha comisión permanente de ALGA para a investigación, debate e análise dos problemas de Xénero. Funcionamos con seminarios e obradoiros de traballo, partindo dun cronograma e planificación anuais de actividade. Dende a Comisión de Estudos de Xénero de ALGA impulsamos e/ou participamos en investigacións e estudos en países tan distantes como pode ser Timor Leste, onde investigadoras de ALGA participan en proxectos da OCV-UDC (Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña) sobre as causas da violencia de xénero (proxecto VIXE) ou sobre os procesos de toma de decisións en relación co xénero (TODEDO). Pero tamén promovemos investigacións e estudos no noso país, como o caso dos proxectos PARXE e XELI “específicos de ALGA” ou participamos, tendo un papel destacado, en proxectos como o AFGAL (proxecto de da Universidade da Coruña), analizando as relacións e problemas de xénero na inmigración africana en Galicia. Nos últimos anos, complementamos os estudos de xénero coa divulgación científica a través da organización de seminarios e obradoiros específicos derivados da nosa propia investigación. É o caso do Simposio Müller, participación e igualdade no 2009 ou o Café-Obradoiro de debate: